

ESCOLA DA VIDA

O século das nenas

06.06.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Hai máis dunha década, nas I Xornadas sobre os Dereitos da Infancia, celebradas na Facultade de Educación de Ourense, argumentei que o século XXI ía ser o século das nenas, como o XX o fora da muller e do neno. Da muller, por que nel conseguira tres obxectivos claves para desenvolver a súa vida de forma autónoma: o dereito ao voto; o dereito ao traballo e o poder de elixir o momento de ser nai, grazas á pílula. No caso do neno, e como previra Ellen Key, o seu recoñecemento social outorgoulle a facultade de ser suxeito de dereitos, e deixar de ser só obxecto dos dereitos dos demais.

Pero que diferenza hai entre un neno e unha nena?, que lle compete a unha nena que non se lle recoñeza á muller? Pois, ao mellor, non moitas cousas, pero si algunhas esenciais. Como declarou Kwegyir Aggrey: "A maneira máis segura de manter un pobo oprimido é educar aos homes e non ocuparse das mulleres. Se se educa un home, simplemente se educa un individuo, pero se se educa unha muller estarase educando a unha familia".

Socioloxicamente, os servizos educativos e asistenciais recaen maiormente en mans das mulleres, e isto é o mesmo se se fala de Suecia, de Gran Bretaña, de España ou de Ghana. Débese a que unha das virtudes da muller é o saber atender os demais por riba do seu propio coidado. Demostrárono as nais ao longo dos milenios que o home leva neste mundo. Polo tanto, unha mellora na educación das nenas repercutirá maiormente no coidado tanto dos seus fillos, en particular, como das comunidades, en xeral.

Agora, atopámonos nun momento de transición. Nel, as nenas imitan o modelo masculino porque socialmente non se elaborou aínda un modelo feminino propio e distinto, pero a medida que se vaian implementando as medidas de conciliación da vida familiar e laboral, que a educación infantil e familiar tome toda a dimensión que lle pertence, que se teña en conta que acompañar e educar nos primeiros momentos da vida dun neno son vitais para a súa evolución posterior, a educación das nenas vai ir cobrando novas miras e abrindo novas tendencias sociais, hoxe moi centradas na produtividade, no valor social do traballo, etc.

Por todo iso, a sociedade ten que abrir novos horizontes menos orientados ao consumismo e máis a un neohumanismo. Eses deben ser os eixes da nova educación e neles a nena vai ser fundamental.